

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “MULLERES QUE INSPIRAN”

BASES

1º OBXECTO DO CONCURSO

O Concello do Rosal convoca o concurso de fotografía “MULLERES QUE INSPIRAN” co obxecto de facer unha homenaxe ás nosas avoas, nais, etc, en definitiva, a aquelas mulleres destacadas da nosa vida.

Este concurso ten coma fin promover a visibilidade e o recoñecemento do labor destas mulleres como piares, moitas veces invisibles, das súas familias, así como para fomentar a creatividade artística e a participación cidadá.

As fotografías participantes serán expostas con motivo da conmemoración do 25 de novembro.

2º PERSOAS PARTICIPANTES

Poderá participar no concurso calquera persoa do Concello do Rosal, independentemente da súa idade.

3º TEMÁTICA

O tema xeral do concurso será “MULLERES QUE INSPIRAN”. Quere ser unha homenaxe ás nosas avoas, nais, etc., mulleres da nosa vida que nos abren camiño e nos deixan unha pegada emocional. Deberá ser unha fotografía na que aparezan mulleres do Rosal que marcaran, dun xeito ou doutro, a nosa vida.

En concreto, as fotografías deberán reflectir unha imaxe de mulleres da nosa familia de máis idade (avoa, tía, madriña...) con persoas descendentes (fillas/os, netas/os...), nun contexto artístico. Na imaxe deben aparecer como mínimo dúas xeracións familiares.

Valorarase a idea expresada pola obra respecto á temática do concurso, así como a expresión artística da mesma e a súa calidade fotográfica.

4º FOTOGRAFÍAS

Cada participante poderá presentar un máximo de 1 fotografía, sendo esta orixinal.

As persoas participantes son responsables da autoría da mesma, e/ou de ter os dereitos sobre a imaxe presentada.

As autoras ou autores deberán ter a autorización expresa daquelas persoas que aparezan na fotografía para a súa publicación por parte do concello, e deberán polo tanto enviar cuberto e firmado o anexo I. No caso de que na fotografía aparezan menores a autorización deberá ser cuberta polos seus representantes legais.

Non se admitirán fotomontaxes, unicamente pequenos retoques de cor e luminosidade.

As fotografías enviaranse en formato dixital JPG, cun tamaño mínimo de 15 Mpx e cunha resolución de 300ppp xa que serán impresas en gran formato.

Non se publicarán aquelas fotografías que polo seu contido poda considerarse que vulneran a legalidade vixente.

As persoas participantes no concurso ceden todos os dereitos, sen prexuízo da reserva dos dereitos irrenunciabes que a lexislación sobre propiedade intelectual recoñeza aos/ás autores/as, e a título gratuito, en relación co traballo realizado e presentado, polo que o Concello do Rosal pasa a ser propietario de todos os dereitos de propiedade intelectual que puideran corresponderlle en relación coas fotografías gañadoras. Da mesma forma, cederanse tamén os dereitos de manipulación, edición, exposición e reprodución, sen límite de tempo, espazo xeográfico e formato.

5º PRESENTACIÓN E ENVÍO

O envío das obras realizarase unicamente a través de correo electrónico a **participacion@orosal.gal** indicando no asunto: CONCURSO MULLERES QUE INSPIRAN.

Neste correo electrónico tamén deberán constar os seguintes datos:

1. TÍTULO DA FOTOGRAFÍA
2. BREVE TEXTO EXPLICATIVO sobre quen son as persoas que aparecen na fotografía, o vínculo familiar ou afectivo que as relaciona, e porque o autor ou autora elixiu a esas persoas ou que historia hai tralas mesmas.
3. DATOS IDENTIFICATIVOS do/a autor/a da fotografía: nome e apelidos, número de DNI, enderezo completo e teléfono de contacto.
4. ANEXO I cuberto, firmado e escaneado (documento acreditativo da autoría da fotografía e autorización das persoas protagonistas para a súa publicación por parte do Concello do Rosal).

6º PRAZO DE ADMISIÓN

O prazo para presentar as obras estará aberto ata o **15 de outubro de 2023 ás 23.59 h.**

7º XURADOS E PREMIOS

O persoal técnico do Concello designará a composición do xurado do concurso. O xurado estará formado por 3 persoas do ámbito artístico e 2 representantes do Concello, e elixirán a obra gañadora, e 49 fotografías máis que formarán parte da exposición. Teranse en conta criterios de creatividade e calidade técnica.

O veredicto do xurado darase a coñecer durante os primeiros días do mes de novembro de 2023, e será notificado á persoa gañadora. O resultado será publicado na web e redes sociais do Concello do Rosal.

O xurado resérvase o dereito de declarar deserta a presente convocatoria por considerar que ningunha das fotografías presentadas cumpre cos requisitos establecidos. Así mesmo, o xurado terá a facultade de interpretar as presentes bases e suplir calquera lagoa ou baleiro nas mesmas. Todas as persoas participantes recibirán a súa fotografía impresa tamaño A3 e a obra gañadora recibirá ademais da súa obra impresa, un 1º premio que consistirá nunha “actividade de convivencia” entre as protagonistas da fotografía.

Serán seleccionadas 49 fotografías máis ata completar 50 imaxes para realizar unha exposición coas obras finalistas nunha data aínda por decidir.

Tanto as fotografías seleccionadas como o 1º premio, entregaranse o derradeiro día (data por decidir) da exposición organizada con motivo do 25N, na que as protagonistas serán as 50 fotografías participantes.

8º ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso supón a plena aceptación de todas e cada unha destas bases e do veredicto inapelable do xurado. Calquera discrepancia sobre as mesmas será decidida única e exclusivamente polas persoas organizadoras.

A participación neste concurso supón o consentimento expreso das persoas participantes, para que o seu nome e imaxe poda ser utilizada nos medios que o concello considere oportuno para promocionar o concurso.